

PRESENTACIÓN DO LIBRO “MUNDO 4.0 EL FUTURO DE LA SOCIEDAD TECNOLÓGICA” COETICOR_SANTIAGO

- DURACIÓN: (45 minutos)
Turno de preguntas (15 minutos)
Ao rematar teremos un ágape de confraternización
- CUSTO: DE BALDE
- OS PRIMEIROS 10 INSCRITOS RECIBIRAN COMO AGASALLO UNHA COPIA DO LIBRO

Autor:
FRANCISCO YÁÑEZ

Horario:
XOVES 3 DE MARZO: ÁS 19:00H

Lugar:
[COETICOR DELEGACIÓN SANTIAGO](#)
[Rúa Ramón Piñeiro, 11](#)
[Santiago de Compostela](#)

Queres descubrir como a tecnoloxía cambiará a túa vida e o futuro da sociedade?

Interesarnos polo futuro hoxe, daranos a oportunidade de poder chegar a el moito máis preparados. A vida pode ser comprendida ao mirar cara ao pasado, pero só pode ser mellorada se se mira cara ao futuro.

A tecnoloxía, que non estaba neste mundo cando nacemos, avanza tan rápido que en ocasións é capaz de atafegarnos e exceder o ritmo do noso entendemento.

Mundo 4.0 é un libro que che permitirá viaxar ao futuro da nosa sociedade e comprender, de forma fácil e amena, que se esconde detrás das tecnoloxías máis disruptivas, e como estas tecnoloxías van xerar infinidade de oportunidades, pero tamén novos riscos e ameazas.

Con este libro coñecerás o que está por vir e comprenderás que o futuro pertence aos que saben que empeza hoxe e non mañá.

Fran Yáñez, experto na materia e presidente de DIHGIGAL, un dos Hubs de innovación dixital máis importantes do sur de Europa, é un dos grandes referentes de Galicia en tecnoloxía e o universo 4.0. As súas colaboracións dominicais nas páxinas de FARO DE VIGO, periódico decano da prensa española, son seguidas por decenas de miles de lectores que aprecian o seu rigor, pedagogía e coñecemento.

[Ligazón para ver en streaming](#)



INSCRICIÓN:

santiago@coeticor.org

Organiza:



Colexio Oficial de
Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña
Delegación de Santiago

Colabora:

